

AMPLIACIÓN DE PRAZO: CONVOCATORIAS PARA A CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DE IMPARTICIÓN DE OBRADOIROS E AULAS DA ÁREA DE CULTURA DA UDC

A Universidade da Coruña, por medio da Vicerreitoría de Divulgación, Cultura e Deporte, publicou no Taboleiro Electrónico Oficial o 31/07/2025 as seguintes convocatorias para impartir os obradoiros e aulas da Área de Cultura no curso 2025/2026 (*):

- Convocatoria para contratar a impartición dos obradoiros culturais (https://sede.udc.gal/services/electronic_board/EXP2025/008292).
- Convocatoria para contratar a impartición da Aula de Danza (https://sede.udc.gal/services/electronic_board/EXP2025/008294).
- Convocatoria para contratar a impartición da Aula de Música (https://sede.udc.gal/services/electronic_board/EXP2025/008295).
- Convocatoria para contratar a impartición da Aula de Teatro (https://sede.udc.gal/services/electronic_board/EXP2025/008296).

A través deste anuncio **ampliase o prazo de presentación de solicitudes**, que remataba o 2 de setembro, **ata as 14:00 h do día 9 de setembro de 2025**.

As solicitudes presentaranse preferentemente no Rexistro Electrónico da UDC (https://sede.udc.gal/services/telematic_register, con destino a “Órganos de Goberno” // “Vicerreitoría de Divulgación, Cultura e Deporte”), no Rexistro Xeral da Universidade da Coruña (Maestranza, 9, 15001 A Coruña) ou en calquera dos rexistros auxiliares da UDC. Así mesmo, poderán presentarse por calquera dos procedementos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e en caso de utilizar estes procedementos deberase enviar o xustificante de envío ao enderezo de correo electrónico normal@udc.gal antes de que finalice o prazo.

Estas convocatorias están dirixidas a persoas xurídicas que reúnan os requisitos para as entidades aspirantes que figuran no punto 2 de cada convocatoria. Para calquera dúbida, poden dirixir un correo electrónico á Área de Cultura da UDC, a través do enderezo normal@udc.gal.

Asinado dixitalmente na Coruña o 29 de agosto de 2025.

(*) En caso de que os enlaces indicados nesta páxina perdan a súa conexión, cópieos e péguenos no seu navegador para acceder aos respectivos espazos web.